

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DUN SERVIZO DE COCIÑA, COMEDOR E LAVANDERIA PARA AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS SERRA DE OUTES (LOTE 1) E GREGORIO SANZ DO CONCELLO DE LUGO (LOTE 2) EXP. REF. 10-2016). ACTA APERTURA SOBRES B (PROPOSTA TÉCNICA RELATIVA ÓS CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE) E DO SOBRE C) OFERTA ECONÓMICA. SELECCION OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA. -----

Sendo as 13:30 horas do día 9 de febreiro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, e actuando como vocais:

Don Manuel Louzao Aldariz, titular da Asesoría Xurídica; don María Baza Poudereux, Técnico da Administración Xeral do Servizo de Intervención en substitución do Interventor Xeral; dona Margarita Calderón Fernández, Pedagoga do Servizo de Educación, dona Carmen Flores en substitución da Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, técnico de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Abre a sesión o Sr. Presidente procédese á apertura do sobre B) que contén a proposta técnica relativa ós criterios non avaliados automaticamente no que indica que non oferta melloras neste apartado.

A continuación procédese á apertura do sobre C) que contén a oferta económica suxeita a criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

- A mercantil A BILLARDA, S.L, propón como prezo do contrato para a primeira anualidade o seguinte:

- Lote 1. – Servizo de cociña, comedor e lavandería na Escola Serra de Outes: **51.800 euros**, máis un 10% de IVE **5.180 euros**, do que resulta un importe total para a primeira anualidade de **56.980 euros**.

- Lote 2.- Servizo de cociña, comedor e lavandería na Escola Gregorio Sanz: **48.800 euros**, máis un 10% de IVE **4.880 euros**, do que resulta un importe total para a primeira anualidade de **53.680 euros** IVE incluído.

Asimesmo oferta un incremento sobre as retribucións do salario base de 1% sobre o establecido no XI Convenio Colectivo de ámbito estatal de centros asistencia e educación infantil.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cml


Refª: Acta C) e B).doc

Asunto:

Á vista do cal os membros da mesa de contratación acordan seleccionar como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada pola mercantil A BILLARDA S.L

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo.: X. Manuel Cao Rei



A SECRETARIA



Asdo.: Ana Tabarés Martínez